



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

**BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TECNICO/A (MEDIA XORNADA), INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DE 2010, MEDIANTE OPOSICION LIBRE.**

1. **Clasificación das prazas.-** Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica..
2. **Número de prazas que se convocan.-** 1
3. **Dotación económica.-** As ó grupo A2, segundo os acordos adoptados pola corporación ó respecto e concretados na relación orzamentaria e cadro de persoal.
4. **Sistema de provisión.-** Oposición libre.
5. **Titulación esixida.-** Título universitario de Arquitecto/a Técnico/a, ou superior que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
6. **Requisitos dos/as aspirantes:** Os que se determinan nas bases xerais.
7. **Dereitos de exame:** Serán de 12 €
8. **Composición do Tribunal.-** A establecida na Base Quinta da convocatoria unitaria.
9. **Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación**

**A) Fase de Oposición**

A oposición constará de catro exercicios, eliminatorios cada un deles, excepto o cuarto, de modo que non poderán pasar ó seguinte exercicio os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para cada un deles.

**Primeiro exercicio.-** Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito nun período máximo de dúas horas, un tema sacado á sorte de entre os que compoñen as materias comúns que figuran no anexo ás presentes bases. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Serán eliminados/as aqueles/as aspirantes que non o obteñan.

**Segundo exercicio.-** Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de tres horas, dous temas sacados á sorte de entre os que figuran como materias específicas no anexo que acompaña a estas bases. Cada un dos temas será cualificado de 0 a 10 puntos, polo tanto a puntuación máxima que se pode acadar neste



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

exercicio é de 20 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos en cada un dos temas para superalo. Serán eliminados/as aqueles/as aspirantes que non o obteñan.

**Terceiro exercicio.-** Obrigatorio e eliminatorio. De carácter práctico, consistirá en redactar un informe técnico, nun tempo máximo de tres horas, referente a materias urbanísticas. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Serán eliminados/as aqueles/as aspirantes que non o obteñan.

Para realizar este exercicio os aspirantes poderán facer uso dos textos legais, documentación ou libros de consulta que consideren oportuno.

**Cuarto exercicio.-** Obrigatorio e non eliminatorio, coñecemento de galego. Consistirá na tradución directa e/ou inversa de un ou varios textos, en castelán ou galego, facilitados polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio será cualificado coa puntuación máxima de cinco puntos.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten a súa capacidade mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de lingua galega Celga 4, ou equivalente expedido polo organismo oficial competente, no prazo de presentación de instancias

**B) Cualificación final**

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

O tribunal propondrá o nomeamento do/da aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na fase de oposición obtivera a maior puntuación.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

**ANEXO.**

**PROGRAMA:**

**MATERIAS COMÚNS.**

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Estructura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional. A Reforma da Constitución.

Tema 2. A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas. O estatuto de autonomía de Galicia.

Tema 3. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. O Poder Xudicial: principios constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal.

Tema 4. O ordenamento xurídico-administrativo. O Dereito comunitario: regulamentos, directivas e decisións. A Constitución. A Lei: súas clases. Os Tratados Internacionais. O Regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedemento de elaboración. Límites. O Control da potestade regulamentaria.

Tema 5. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado e intereses lexítimos. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 6. O procedemento administrativo: concepto e clases. Súa regulación no Dereito positivo: principios informadores. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. A obriga de resolver e o réxime do silencio administrativo.

Tema 7. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación e forma. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.

Tema 8. Eficacia dos actos administrativos. Executividade e execución forzosa. Suspensión. Validez e invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Convalidación, conservación e conversión.

Tema 9. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

cívís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

Tema 10. A coacción administrativa: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

Tema 11. A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.

Tema 12. A responsabilidade da Administración Pública: evolución histórica e situación actual. Os presupostos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

Tema 13. Réxime xurídico dos contratos das Administracións públicas: administrativos típicos, especiais e privados. Requisitos dos contratos. O órgano de contratación: distribución de competencias na esfera local. O contratista: capacidade, solvencia, prohibicións, clasificación.

Tema 14. A selección do contratista, actuacións previas á contratación. Procedementos, formas e criterios de adxudicación. Garantías. Perfeccionamento e formalización do contrato.

Tema 15. Execución e modificación dos contratos. Prerrogativas da Administración. A revisión de prezos. Extinción do contrato. Clases de contratos administrativos: contrato de obras, de xestión de servizos públicos e de subministración. Outros contratos administrativos típicos.

Tema 16. As fontes do Dereito Local. A Administración Local na Constitución. O principio de Autonomía Local: significado, contido e límites. A potestade regulamentaria das Entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento orgánico. Os Bandos.

Tema 17. O Municipio: Concepto e elementos. A organización municipal. Órganos necesarios e competencias: O Alcalde, Tenentes de Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos.

Tema 18. O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Utilización: especial referencia á licenza e concesión. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

Tema 19. O persoal ao servizo das Corporacións Locais: Clases e réxime xurídico. Réxime xurídico do persoal funcionario das Entidades Locais: dereitos, deberes, réxime disciplinario. Situacións administrativas. Dereitos económicos e seguridade social. Réxime de incompatibilidades.

Tema 20. As Facendas Locais: réxime xurídico. Clasificación dos ingresos. Os impostos locais: clases e réxime xurídico. Taxas e prezos públicos: definición, similitudes e diferencias. As contribucións especiais. As ordenanzas fiscais.

**B) MATERIAS ESPECÍFICAS.**

Tema 21.- Evolución histórica do dereito urbanístico español. O urbanismo e a vivenda na Constitución española de 1.978. Lexislación estatal e autonómica en materia de solo e ordenación urbana. Distribución de competencias legislativas, doutrina do Tribunal Constitucional

Tema 22.- O RDLeg. 2/2008, Texto refundido da Lei do Solo: Disposicións Xerais. Clasificación do Solo. Dereitos e deberes dos propietarios. Valoracións. Expropiacións. Supostos Indemnizatorios

Tema 23.- A Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia. Obxetivos, directrices e instrumentos da ordenación do territorio

Tema 24.- 15. A 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Principios Xerais, ambitos da competencia urbanística, fins e dirección da actividade urbanística. Rexime de aplicación nos Concellos co planeamento non adaptado

Tema 25. Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. A clasificación e a calificación do solo como técnicas de vinculación obxectiva do solo a destinos urbanísticos. Réxime dos distintos tipos de solo.

Tema 26. Réxime do solo urbano e urbanizable: dereitos e deberes dos propietarios en solo urbano consolidado e non consolidado.

Tema 27.- Rexime do solo rustico e do solo de núcleo rural. Dereitos e deberes dos propietarios, condicións de uso e de edificación, procedemento para o outorgamento da autorización autonómica.

Tema 28.- O planeamento urbanístico, instrumentos de planeamento xeral: plans xerais e normas subsidiarias e complementarias.



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

Tema 29.- Planeamento de desenvolvemento: Plans parciais, Plans de Sectorización, planes especiais.

Tema 30.- Outros instrumentos de planeamento: Estudos de detalle, Plans de iniciativa particular, Catálogos.

Tema 31.- Elaboración e aprobación de plans: Competencia e procedemento. Efectos da aprobación. Iniciativa e colaboración dos particulares. Publicidade. Modificación e revisión de planes.

Tema 32.- As normas de aplicación directa da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, Adaptación ao ambiente, altura,. Distancias a vías de comunicación.

Tema 33.- Execución do planeamento: Presupostos da execución. O principio de equidistribución de beneficios e cargas e súas técnicas. A reorganización da propiedade en solo en solo urbano, os polígonos de execución e outros instrumentos de execución urbanística

Tema 34.- Sistemas de actuación: compensación, cooperación, expropiación, concerto e concesión de obra urbanizadora. . Actuacións asistemáticas

Tema 35.- Os instrumentos de intervención no mercado do solo. O patrimonio municipal do solo, constitución, bens que o integran, destino do patrimonio municipal do solo. Os dereitos de superficie e de tanteo e retracto.

Tema 36. Intervención administrativa na edificación e uso do solo. O deber de edificación e rehabilitación A licenza urbanística: actos suxeitos, natureza e réxime xurídico. O procedemento de concesión das licencias. A caducidade das licencias

Tema 37.- Clases de licenzas. Licenzas de obra e de apertura, prelación. Proxectos de actividade e instalación. Cambios de titularidade e transmisión das licenzas. Desestímulo e renuncia.

Tema 38.- O deber de conservación e as ordes de execución. A inspección técnica de edificios. A declaración de ruína, clases de ruína, procedemento para a declaración e efectos da mesma.

Tema 39.- As parcelacións urbanísticas. Divisións e segregacións en solo rústico. Réxime de parcelacións.



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

Tema 40. A protección da legalidade urbanística. Obras sen licenza ou contrarias a súas condicións. Suspensión e revisión de licenzas.

Tema 41.- Infraccións urbanísticas e sancións. Prescrición, persoas responsables, órganos competentes para a imposición de sancións, o procedemento sancionador

Tema 42.- A intervención administrativa en defensa do medio ambiente: A Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia e Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental de Galicia

Tema 43.- Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas. Actividades, Procedemento. Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia

Tema 44.- As normas do habitat galego

Tema 45 .- A Lei 38/1999, de ordenación de la edificación: Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantía.

Tema 46.- O estatuto galego da Vivenda: lei 18/2008 e vivenda de Galicia. A vivenda protexida

Tema 47.- O Código técnico da edificación, Disposicións xerais, condicións técnicas e administrativas, esixencias básicas. Anexos

Tema 48.- Código técnico da edificación, Documento básico SI: Seguridade contra incendios

Tema 49.- Código técnico da edificación, Documento básico: Seguridade de utilización

Tema 50.- Código técnico da edificación, Documento básico HS : Salubridade

Tema 51.- Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Disposicións específicas das fases de proxecto e execución das obras. O coordinador. Estudo de seguridade e saúde e estudo básico. Plan de seguridade e saúde

Tema 52 .- Prevención de riscos laborais. Marco legal e desenvolvemento normativo.

Tema 53- A lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, A accesibilidade en espazos públicos e en edificios de titularidade pública e privada.

Tema 54-. O control da contaminación acústica, normativa aplicable, competencias municipais na materia . As inspeccións. Infraccións e sancións



**CONCELLO DE MOECHE  
(A CORUÑA)**

Tema 55.- A prevención dos incendios forestais. Competencias municipais na materia, A protección do espazo rural e dos asentamentos de poboación

Tema 56.- O rexime de protección dos bens inmobles de interese cultural, rexime xeral, a intervención en monumentos e os conxuntos históricos.

Tema 57.- Instalacións de telecomunicacións. Disposicións sobre infraestruturas comúns nos edificios para acceso ós servizos de telecomunicacións.

Tema 58. As Normas Subsidiarias do planeamento do Concello de Moeche: Disposicións xerais, clasificación e cualificación do solo, regras de desenvolvemento

Tema 59. As Normas Subsidiarias do planeamento do Concello de Moeche: Regulación do solo urbano, determinacións xerais, ordenanzas xerais da edificación, usos

Tema 60. As Normas Subsidiarias do planeamento do Concello de Moeche: Regulación do solo de núcleo rural, condicións da edificación

Tema 61. As Normas Subsidiarias do planeamento do Concello de Moeche: A protección do patrimonio arquitectónico, especial referencia o castelo de Moeche e o seu entorno